

## **VIII CONCURSO DE HUMOR GRÁFICO "DIEGO PEÑA CARRO"**

Benquerido/a Director/a:

O CPR Plurilingüe Esclavas do Sagrado Corazón de Xesús organiza a sétima edición deste concurso en memoria do noso alumno Diego Peña.

A iniciativa, que xorde como parte dos festexos do Día das Letras Galegas que organiza o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, pretende achegar a rapazada ao mundo da banda deseñada, a través da súa expresión máis curta: o humor gráfico.

Como nas edicións anteriores, contaremos cun xurado formado por profesorado do noso centro e escritores e/ou debuxantes externos.

### **INFORMACIÓN DO CONCURSO**

#### **PARTICIPANTES:**

Alumnado de 5º de Primaria a 4º da ESO

#### **CALENDARIO:**

- RECOLLIDA DE TRABALLOS - **Ata o 5 de maio.**
- ANUNCIO DOS E DAS PREMIADAS- **8 de maio no propio centro e a través das RRSS do centro.**

#### **BASES:**

-Os traballos faranse chegar ao noso centro por correo electrónico. Se os traballos están feitos en papel, enviarase fotografía de cada un.

O profesorado enviará os traballos do alumnado participante ao correo electrónico [humorgrafico@colegioesclavas.org](mailto:humorgrafico@colegioesclavas.org) indicando nome do/da participante, curso e centro escolar.

-A entrega dos traballos será ata o 5 de maio ás 23:59. Non se aceptará ningún correo despois dese momento.

-Os traballos presentados deberán ser orixinais na súa totalidade. A copia total ou parcial doutra creación será rexeitada do concurso.



FUNDACIÓN  
EDUCATIVA

CPR PLURILINGÜE ESCLAVAS DEL SAGRADO CORAZÓN

**VIII CONCURSO  
"DIEGO PEÑA  
CARRO"**

-Poderán presentar traballos individuais ou en parella (ilustrador e escritor) os alumnos matriculados no curso 2024/25 en 5º e 6º de primaria e a ESO.

-A extensión dos traballos será de entre unha e catro viñetas. Non se aceptarán traballos con outra extensión.

-As viñetas poden presentarse en branco e negro ou en cor e utilizando calquera técnica manual ou dixital.

-Os traballos terán que estar escritos en lingua galega, axustándose á normativa vixente na RAG. De non cumprirse este punto, os traballos serán rexeitados.

- A temática deste ano é "EM-peza por ti" lema deste curso no centro organizador. Fai referencia ao valor da autoestima:

*"Coñecer o concepto de Responsabilidade: dar resposta ás necesidades dun mesmo e dos demais asumindo as consecuencias. Descubrir a ledicia que supón un traballo ben feito."*

- Coa participación no concurso acéptanse expresamente a cesión de dereitos de imaxe, reprodución e distribución das creacións ao Colexio Esclavas da Coruña. Este poderá utilizar os traballos presentados, ou parte destes, con fins educativos, divulgativos e promocionais na súa páxina web, facebook,...

-O xurado, para as súas valoracións terá en conta os seguintes **criterios**:


- calidade artística dos debuxos.
- axeitado emprego da lingua galega.
- que a historia respecte, ou incluso fomente: valores democráticos, de xustiza, liberdade, igualdade...
- temática relacionada co lema anual do colexio organizador.

**PREMIOS:**

Haberá dúas categorías, con dous premiados en cada unha delas:

-5º, 6º de EP e 1º da ESO

-2º, 3º e 4º da ESO



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**





FUNDACIÓN  
EDUCATIVA

CPR PLURILINGÜE ESCLAVAS DEL SAGRADO CORAZÓN

**VIII CONCURSO  
"DIEGO PEÑA  
CARRO"**

**DÚBIDAS:**

Por correo electrónico a: [luciasalgueiro@colegioesclavas.org](mailto:luciasalgueiro@colegioesclavas.org)

Animádevos a participar e grazas pola vosa atención.